

Acta da reunión do Consello de Departamento

ASISTENTES

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Cacero Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Masaguer, Francisco
Fernández Veiga, Manuel
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
González Castaño, Francisco J.
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López García, Cándido A.
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando A.
Pazos Arias, José J.
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Hernández, Pedro S.
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Sousa Vicira, M^a Estrella
Suárez González, Andrés

ESCUSAN ASISTENCIA

Anido Rifón, Luis E.
Rodríguez Pérez, Miguel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 14 de febreiro de 2017, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na sala de xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O martes 14 de febreiro de 2017 ás 13:05 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 21 de decembro de 2016.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre a posibilidade de implantación dun Máster en Ciberseguridade na Universidade de Vigo e cede a palabra a Íñigo Cuñas Gómez que, en calidade de Director da E.E. de Telecomunicación, presenta unha declaración de interese para unha proposta desta nova titulación, participada pola Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Escola Superior de Enxeñaría Informática e o Centro Universitario de Defensa de Marín. O profesor Manuel Fernández Iglesias salienta a postura do Rectorado no seu propósito de defender a implantación deste Máster aproveitando o novo escenario de apertura do mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia, e a importancia de que sexa o Departamento de Enxeñaría Telemática o que dirixa a súa definición.

3. Posibilidade de implantación dun Máster en Ciberseguridade na Universidade de Vigo.

O Director subliña as vantaxes que tería a implantación do Máster en Ciberseguridade para o Departamento e pide o apoio dos seus membros de cara a declaración de interese que a Escola pretende aprobar na Xunta celebrada o día 15 de febreiro de 2017. O Departamento mostra dito apoio.

4. Asuntos de trámite.

Non hai.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:35 horas do día 14 de febreiro de 2017, da que eu como Secretaria do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

A Secretaria do Departamento

Dr. D. Raúl F. Rodríguez Rubio

Dra. D^a. Yolanda Blanco Fernández